

Desde o meu balcón

O balcón nubrouse,
agora xa non se ve nada.

Marcharon todos os paxariños,
xa non se oe nada.

Rodan días grises,
no que so falan as miradas.

Choran as flores,
que pronto seran cortadas.

Trepan os esquíos
polas árbores que son taladas.

E as ondas xa non me falan,
están demasiado cansas e contaminadas.

Os árbores xa non bailan co vento,
agora lamentanse do que está sucedendo.

E desde este balcón xa non se ve nada,
nin ceo,nin terra, nin auga.

So se ve xente,
xente despreocupada,
que non mira o seu arredor,
que non lle importa nada.

Oxalá pudesen subir todos a este meu balcón
e desde aquí poder arreglar o mundo pra mellor.

Alzarei a miña voz, e conmigo o vento e o mar,
e nunca máis nadie nos volvera a facer calar.

Entón volverá a lembranza do que era onte,
volverei ver o mundo cheo de cor.

O balcón despexarase e poderei mirar mais alá,
e volverei xogar cas ondas na ribeira do mar.

IES Virxe do mar
(Noia, A Coruña)
4º ESO | POESÍA

Rey González, Elisabeth

LEMA: Desde o meu balcón

DESCRIPCIÓN:

Con este poema quero contar como está a cambiar o noso entorno, as nosas cidades e os nosos pobos. Estou dando a entender que a xente lle dá igual todo, que solo miran o que está a suceder cando lle incumbe a eles directamente e neste caso incúmbenos a todos e por iso temos que facer todo o posible para remedialo.

